XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **NON ASISTEN:** D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN DA DIPUTACIÓN DE A CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA..-

O día 08-03-2016, a xefa de sección de Recursos Humanos elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe proposta co código ASI10I044, do expediente ASI/67/2015, que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O día 03-12-2015 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención á Deputación da Coruña para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2016, a través do financiamento das retribucións da técnica do servizo lingüístico cun máximo de ata 12.000 euros.

O día 07-03-2016 publícase no BOP a resolución da subvención solicitada á Deputación da Coruña, aprobada por un importe de 12.000 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aceptar a subvención recibida pola Deputación da Coruña polo importe indicado de 12.000 euros.

Segundo.- Aprobar o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón para a anualidade 2016, que é o seguinte:

Custos totais de persoal	42.384,06 euros
Achega do concello	30.384,06 euros
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	12.000 euros

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2016.
Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que considere máis oportuno."

Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO10I017, esta concelleira delegada de Educación propón á Xunta de Goberno Local:
Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.
Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN E DO ABOO DO CONVENIO COA AVV. DE PIÑEIROS..-

O funcionario responsable de Turismo, en data 09-02-2016, elevou a esta Alcaldía o informe de código TUR10I00A que di:
"

TIPO DE DOCUMENTO	**Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local**
EXPEDIENTE	**TUR/13/2015: Convenio coa A. VV. de Piñeiros para a celebración do Memorial Lolete**
DESTINATARIO	**Alcaldía / Servizos Económicos**
ASUNTO	**Dar conta da aprobación da xustificación e aboo do convenio**

Con data 30-12-2015 o Alcalde deste Concello ditou a resolución de código **TUR10I009** que di:

Con data 30-12-15 o funcionario responsable de Turismo elevou a esta Alcaldía o informe de código TURZI04H que di:
"

TIPO DE DOCUMENTO	***Informe-Proposta de Resolución***
EXPEDIENTE	***TUR/13/2015: Convenio coa A. VV. de Piñeiros para a celebración do Memorial Lolete***
DESTINATARIO	***Alcaldía / Servizos Económicos***

Con data 10/09/2015 a Xunta de Goberno Local aprobou o Convenio de Colaboración coa A. VV. de Piñeiros para a celebración do Memorial Lolete, que inclúe tamén o encontro de rondallas, que tiveron lugar os pasados días 19 a 20 de setembro. A formalización do Convenio, por medio do Alcalde-Presidente, é de data 17/09/2015.

A cláusula quinta recolle a colaboración deste concello a través dunha achega económica de 1500 €, que se faría efectiva, á vista da cláusula sétima, da presentación no rexistro da documentación xustificativa. A tal efecto a A. VV. presentou o escrito con núm. de rexistro 16985 e data 26/10/2015.

Logo de examinar dita documentación e realizar as correspondentes comprobacións, quen subscribe emitiu o informe adxunto de código TURZI03S, favorable á aprobación da xustificación polo órgano competente. Así mesmo, obran no expediente a declaración da entidade de non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de subvención, e o informe de código TURZI04D que complementa aqueles puntos non abordados no anterior.

Resultan de aplicación, para aprobar a xustificación e aboar a achega municipal, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do orzamento en curso.*
- *Bases de execución dos Orzamentos do ano 2015.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. No seu art. 14, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social,*

xurídica ou territorial lo fagan conveniente. […] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde ao Alcalde-Presidente a avocación da delegación na Xunta de Goberno Local do 2 de xuño de 2015 para a aprobación da xustificación do convenio, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria dese órgano dentro do exercicio 2015, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto quen subscribe eleva á Alcaldía a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aprobación da xustificación do convenio de referencia, *polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.*

SEGUNDO: Aprobar a xustificación do Convenio coa A. VV. de Piñeiros *para a celebración do Memorial Lolete, en base á documentación e informes obrantes no expediente TUR/13/2015.*

TERCEIRO: Aprobar o gasto de 1500,00 € *a favor da* ***A. VV. de Piñeiros****, con CIF G15559867, como contraprestación recollida na cláusula quinta do antedito convenio, con cargo á aplicación orzamentaria* ***21 43200 48000****, a partir do D. C.* ***A\420\2015****.*

CUARTO: Ordenar*, por tal concepto,* ***o pago de 1500,00 €*** *a favor desta entidade, ingresando o importe na conta bancaria sinalada ao efecto pola asociación."*

Logo do traslado da proposta aos Servizos Económicos do Concello, a Interventora Xeral emitiu o informe de código ***ICOZI045*** *que, a modo de resumo, contén os seguintes extremos:*

1. Aspectos xerais: existencia de crédito orzamentario, competencia do órgano que adopta o acordo e adecuación dos gastos aprobados e comprometidos.

2. Aspectos específicos: non esixencia de garantías, declaración da entidade beneficiaria de estar ao corrente nas súas obrigas e non ser debedor por reintegro, e informe do funcionario responsable sobre o cumprimento do convenio.

3. Forma de pago e xustificación: certificación do representante da A. VV. de que o evento tivo lugar, memoria do mesmo, memoria económica, prazo de xustificación (existen observacións a este respecto das que se da conta a continuación), importe xustificado e constancia da participación e colaboración do Concello.

4. Observacións: realizouse unha xustificación extemporánea, xa que se presenta a documentación xustificativa pasados os trinta días establecidos no convenio a este efecto. Ademais os xustificantes bancarios superan tamén este prazo. Polo anteriormente exposto e de acordo co artigo 56 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, constitúe unha infracción leve a presentación fóra de prazo das contas xustificativas; o cal suporía, segundo o artigo 59.1 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, unha sanción con multa de 75 a 900 €.

Compete a este Alcalde, segundo esta última Lei e de acordo asemade coa LRBRL, a imposición da sanción, tramitando o expediente segundo o establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Sinala o informe de Intervención que a non imposición de sancións se realizará por acordo motivado de, neste caso, o propio Alcalde que dita esta resolución.

Cabe sinalar, a este respecto, que o prazo para a presentación da documentación xustificativa expirou o 20 de outubro, 30 días despois de que tivera lugar o evento. A entidade, efectivamente, presentou tal documentación o día 26, 6 días despois. Sen embargo e tal e como consta nesa documentación, ***a factura presentada pola empresa José Bouza e Hijos, S. L., con CIF B15405772, polo aluguer, montaxe e desmontaxe do escenario, é de data 23 de outubro, posterior ao día de expiración****, sendo pagada pola A. VV. tres días despois.* ***Como queira que, sen ter efectuado o pagamento a esta empresa, a entidade beneficiaria non podería acadar o importe a xustificar establecido no convenio (1500,00 €)****, e que para efectuar tal pagamento a entidade precisaría dunha factura previa, conclúese que* ***o retraso na presentación da documentación xustificativa non é imputable á mesma, e non procede polo tanto a sanción contemplada na Lei de Subvencións.*** *As outras dúas facturas aportadas teñen datas anteriores ao 20 de outubro, sendo o seu aboo posterior (día 23); pero sen a factura de José Bouza e Hijos e tal e como se dixo con anterioridade, non se acadaría o importe a xustificar.*

Polo anteriormente exposto e en uso das atribucións conferidas, este Alcalde

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta *transcrita en todos os seus termos.*

SEGUNDO: Non sancionar con multa algunha á A. VV. de Piñeiros*, polos motivos expostos con anterioridade, reiterando que procede o aboo íntegro do importe conveniado (1500 €).*

TERCEIRO: *Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos do Concello."*

En cumprimento do punto primeiro da proposta de resolución aprobada, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código **ICO10I01M**), este Alcalde, en uso das atribucións conferidas:

Da conta á Xunta de Goberno Local da proposta transcrita.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 **.- <u>DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE Á CONCESIÓN/DENEGACIÓN DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES ASOCIATIVAS PARA O ANO 2015.</u>**.- Dase conta da seguinte resolución:

RESOLUCIÓN DE ALCADÍA

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, con data 30 de decembro de 2015 ditou o informe proposta de resolución que textualmente di así:

"ASUNTO: *Rectificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de decembro de 2015, referente á concesión / denegación das subvencións municipais a entidades asociativas para o ano 2015.*

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de decembro de 2015 estima / desestima a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria do ano 2015 a diversas entidades.

O acordo adoptado ten orixe no Informe proposta de valoración emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 17-11-2015, no que se relacionaban as entidades avaliadas, as que se consideran reúnen os requisitos para ser informadas favorablemente, e as que non cumpren cos mesmos para ser informadas de ser desestimadas.

Detectouse un erro no citado informe ao engadir entre as entidades avaliadas favorablemente ás entidades Asociación de Empresarios Ferrolterra e CCDR Airiños de Castro, cando estas entidades non tiñan actualizados os datos do ano 2015 no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás. Ao ser a actualización de datos requisito indispensable para poder acceder a unha subvención municipal, as solicitudes destas asociacións tiñan que haber sido desestimadas sin ser avaliadas.

Este erro é arrastrado durante o procedemento de concesión / denegación de subvencións.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

- *Bases aprobadas pola Xunta de Gobenro Local do Concello de Narón na sesió celebrada o 26 de marzo de 2009*
- *Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015*
- *Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións*
- *LEi 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e a normativa que a desenvolve.*
- *RD 887/2006 de 21 de xullo que aproba o regulamento da Lei 38/2003.*
- *RD Legislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.*

Coa finalidade de axilizar os trámites de pagamento ás restantes asociacións para non resultar prexudicadas, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García propón á Alcaldía que RESOLVA:

1º *Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2015, que quedará do seguinte xeito:*

1. *Estimar a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria do ano 2015, as entidades que de seguido se relacionan e polo importe que se indica, e que ascenden a un total de 32.158,00 €.*

NUM	CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	IMPORTE
1	G15365885	ANPA A BUXAINA	1.543,62 €
2	G15231608	AMPA "CEIP PUNTE DE XUVIA"	1.543,62 €
3	G15247711	ANPA O BUXATO	1.498,88 €
4	G70408133	ASOCIAICÓN CULTURAL SEMENTE DE TRASANCOS	1.454,14 €
5	G15202559	CLUB JUBILADOS Y PENSIONISTAS SANTA CECILIA	1.000,00 €
6	G15773013	ASOC.C.N.G. MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES	1.342,28 €
7	G70087168	ASOC BBTTA	1.588,37 €
8	G70385091	XERACION ASOCIACIÓN CULTURAL	1.365,65 €
9	G15678592	ASPANEMI - ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON MINUSVALÍA	500,00 €
10	G15620628	AFAL FERROLTERRA - ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS	1.812,08 €
11	G15058647	ALCER CORUÑA	1.390,00 €
12	G15028889	ASOCIACIÓN NUESTRA SEÑORA DE CHAMORRO	1.812,08 €
13	G15121676	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE FERROL AXF	1.812,08 €
14	G15524614	AFAES PORTA NOVA	1.812,08 €
15	G15029176	COCINA ECONÓMICA DE FERROL	1.655,48 €
16	G15154230	ASOCIACIÓN EX ALCOHOLICOS DE FERROLTERRA	1.700,00 €
17	G15161573	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM	1.387,02 €
18	G15851280	ASOCIACIÓN PARKINSON FERROL - FERROLTERRA	2.013,42 €
19	G15151384	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CASTRO "OS CRUCEIROS"	1.566,00 €
20	G15218050	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ALTEA	700,00 €
21	G15215080	AVV GÁNDARA BARRIO SANTIAGO APOSTOL	1.387,02 €
22	G15072705	A.VV "OS IRMANDIÑOS"	1.275,17 €

2. *Desestimar a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria do ano 2015, ás entidades que de seguido se relacionan e polos motivos que se indican:*

NUM	CIF	NOME DA ASOCIACIÓN	MOTIVO
1	G70129762	ANPA AXOUXERES	Non presentación de documentación requerida.

2	*G15347891*	*ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS DO COLEXIO PÚBLICO CRA DE NARÓN*	*Non presentación de documentación requerida.*
3	*G15059702*	*ANPA CEIP A SOLAINA*	*Non presentación de documentación requerida.*
4	*G15567290*	*ANPA "AS ACEAS" CEIP PIÑEIROS*	*Non ter actualizados os datos no ano 2015 no rexistro de entidades asociativas do Concello.*
5	*G70271937*	*ASOCIACIÓN DEPORTIVO E CULTURAL EN FORMA*	*Non acadar a puntuación mínima de 50 puntos.*
6	*G32115941*	*COGAMI - CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE*	*Non ter actualizados os datos no ano 2015 no rexistro de entidades asociativas do Concello.*
7	*V15042609*	*CCDR AIRIÑOS DE CASTRO*	*Non ter actualizados os datos no ano 2015 no rexistro de entidades asociativas do Concello.*
8	*G15366693*	*ASOCACIÓN DE EMPRESARIOS FERROLTERRA*	*Non ter actualizados os datos no ano 2015 no rexistro de entidades asociativas do Concello.*

2º.*Dar conta desta modificación á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación.*

3º. *Dar conta desta modificación á Comisión de Valoración.*
Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente"
Logo de ver dito informe, fiscalizado pola Intervención Xeral de conformidade o dia 30-12-2015, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente,
RESOLVE:
1º Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.
Narón, 30 de decembro de 2015
O Alcalde A Secretaria Acctal.
José Manuel Blanco Suárez Mª Angeles Manteiga Fulgueira
A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 **.- <u>DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO COUTO.</u>**.- Dase conta da seguinte resolución:
<u>RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA</u>
A xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal en data 29 de decembro de 2015, ditou o informe-proposta de Resolución de Alcaldía da Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, que textualmente dí:
"INFORME PROPOSTA DA XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO
O Concello Pleno, en data 08/10/2015 aprobou, entre outros asuntos, o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Veciños de O Couto, en materia de cultura.
Con data de 02/12/2015 asínase informe proposta á Xunta de Goberno Local da Xefa do Servizo Sociocomunitario aprobando a xustificación do convenio para o ano 2015.

Visto que a Xunta de Goberno Local ten delegadas as competencias nesta materia e que a periodicidade para celebrar sesións é semanal, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente co fin de non causar perxuizo a terceiros, debido ás operacións de peche do exercicio contable 2015.
Visto que o art. 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece que "Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídicas ou territorial o fagan convinte……."
De conformidade coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o convenio asinado entre o Concello de Narón e a Asociación Cultural Areosa, aprobado polo Concello Pleno o 08/10/2015, esta xefatura do Servizo Sociocomunitario

PROPÓN a Alcaldía que RESOLVA :
Primeiro.- AVOCAR a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a xustificación do convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a Asociación de Veciños de O Couto en materia de cultura, polos motivos expostos.

Segundo.- Aprobar a xustificación presentada polo Asociación de Veciños de O Couto, con CIF: G-15037583, por importe de 5.023,68€.

Terceiro.- Ordenar o pago a Asociación de Veciños de O Couto, con CIF: G-15037583, por importe de 5.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 08.33400.48000.

Cuarto.- Dar conta do que se adopte á Xunta de Goberno Local.
Narón, 29 de decembro 2015.
A xefa do Servizo Sociocomunitario
Yolanda Martínez García"
Logo de ver o dito informe intervido e conforme favorablemente o 30 de decembro de 2015, esta Alcaldía , no uso das atribucións que se lle confire a lexislación vixente,
Resolve:
-Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos**.**
Narón, 30 de decembro de 2015.
O alcalde A Secretaria Accidental Xeral
José Manuel Blanco Suárez María Angeles Manteiga Fulgueira
A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6º.- <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.
V. e pr.
O ALCALDE-PRESIDENTE O SECRETARIO XERAL

Asdo.- JOSÉ M.ª BLANCO SUÁREZ Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI